

NOME:

1-O seguinte texto ten dous erros, identifíqueos e corríxaos e define dúas das tres palabras salientadas. (1 punto corrección do texto/ 0,5 cada definición)

Os Estados Xerais se convocaban de xeito periódico en Francia e, para aprobar o novo imposto sobre a riqueza, **Luis XVI** os convoca en 1789. Alí a nobreza e o clero votan a favor de impoñer este novo imposto ao **Terceiro Estado** e este presenta os **Cadernos de Queixas** coa intención de que o monarca impuxera de novo a votación por estamento.

2-Responda a unha das seguintes cuestións (2 puntos):

a-Explica brevemente a relación entre a Revolución agraria e a Revolución industrial.

b-Cales son as diferencias máis significativas entre o pensamento económico de J. S. Mill, Adam Smith e D. Ricardo.

3.1 Comente un dos dous seguintes documentos.

-Atendendo a:

a-Identificación do tema (0,5 puntos)

b-Contextualización do documento (0,5 puntos)

c- Comentario do proceso tema histórico reflectido no documento (1,5 puntos)

Pregunta: ¿Cre vostede que o pobo americano conformaríase con pagar o imposto do timbre si se reducise na súa contía?

R / Non. Só pagaría si se lle impuxese pola forza das armas...

P/ ¿Que actitude prevalecía en América respecto de Gran Bretaña antes de 1763?

R/ A mellor do mundo. Todos aceptaban de bo grado o goberno da Coroa e en todos os tribunais obedecíanse as decisións do Parlamento. Malia a abundante poboación repartida polas diversas provincias, non custaba nada a Inglaterra manter sometidos aos seus súbditos, sen necesidade de gastarse nada en fortes, cidadelas, guarnicións ou exércitos. Só facía falta manter sometidos aos seus súbditos, sen necesidade de gastarse en fortes, cidadelas, guarnicións ou exércitos. Só facía falta para gobernarlles, pluma, tinta e papel. Eran dóciles e submisos. Non só sentían respecto, senón afecto por Gran Bretaña e as súas leis, os seus costumes, a súa educación. Ata gustaban das súas modas, tanto que contribuíron a facer que florecese o comercio entre nós.

P/ ¿E agora, cal é esta actitude?

R/ Cambiou notablemente.

3.1.1 Invocación do Dr. Franklin na Cámara dos Comúns Británica en contra da Stamp Act. para os americanos. 1766.

NOME:

Facémonos tres preguntas: ¿Que é o estado llano? Todo. ¿Que foi ata o presente? Nada ¿Que pide? Ser algo (...) Primeira petición: Que os representantes do Terceiro Estado non sexan elixidos máis que por cidadáns que pertencen verdadeiramente ao Terceiro Estado...Segunda petición: Que os seus deputados sexan iguais en número aos dous das dúas ordes privilexiados...Terceira petición: Que os Estados Xerais voten non por ordes, senón por cabezas... Neste estado de cousas, ¿que lle queda por facer ao Terceiro Estado se quere verse en posesión dos seus dereitos políticos dun xeito útil á nación?...O Terceiro Estado debe reunirse aparte, non concorrerá coa nobreza e o clero.

3.1.2 Abate Sieyès: ¿Que é o Terceiro Estado?, 1789.

3.2-Comente un dos dous seguintes documentos:

-Atendendo a:

a-Identificación do tema (0,5 puntos)

b-Contextualización do documento (0,5 puntos)

c- Comentario do proceso tema histórico reflectido no documento (1,5 puntos)

Ningún goberno pode atribuírse o dereito a intervir nos asuntos doutro Estado independente. O dereito de intervención ben entendido esténdese unicamente aos casos extremos nos cales, por mor de revolucións violentas, a orde pública áchase tan quebrantado nun Estado que o goberno perde a forza (...). Neste estado de cousas, o dereito de intervención corresponde de forma tan clara indubidable a todo goberno exposto aos perigos de ser arrastrado por un torrente revolucionario, como a un particular correspóndelle o dereito de extinguir o lume dunha casa próxima para impedir o alcance á súa.

3.2.1 Cortés Salinas: Restauración e primeiras oleadas revolucionarias 1815- 1830.

Todos os que falan un mesmo idioma (...)están unidos entre si desde o principio por un cúmulo de lazos invisibles (...) de modo que os homes non forman unha nación porque viven neste ou noutro lado dunha cordilleira de montañas ou un río, senón que viven xuntos (...)porque primitivamente, e en virtude de leis naturais de orde superior, formaban xa un pobo. Así a nación alemana, grazas a posuír un idioma e un xeito de pensar comúns, estaba suficientemente unida e distinguíase con claridade dos demais pobos da vella Europa...

3.2.2 Fichte. Discurso á nación alemana, 1807